
Por volta de topónimos e textos afonsinos. A cantiga «Ansur Moniz, mui't'ouve gran pesar» [B 482, V 65]*

Manuel Ferreiro

Grupo ILLA

Universidade da Coruña

manuel.ferreiro@udc.es

Afonso X é un autor certamente significado no trobadorismo galego: á súa transcendencia como autor das *Cantigas de Santa Maria* hai que lle acrecentar a autoría dun feixe de cantiga, de relevante importancia no conxunto da poesía medieval profana galego-portuguesa. No entanto, a pesar das diversas aproximacións ao estudo crítico dos seus textos escarniños, neste subconxunto da súa produción aínda perviven importantes problemas ecdóticos e mais hermenéuticos e interpretativos.

É neste ámbito que queremos contribuír á fixación da textualidade afonsina no que di respecto a algunhas formas toponímicas documentadas nas súas cantigas de escarnho e de mal dizer e que foron interpretadas de modo diverso a partir de leccións manuscritas con elementos problemáticos, que explican algunhas lecturas contraditorias e/ou deficientes.

I. O primeiro topónimo visado neste contributo aparece na cantiga «Don Gonçalo, pois queredes ir d'aquí pera Sevilha» (461 / 18,14 [B 466]¹), peza de interpretación aínda non aclarada totalmente (vid. Magán Abelleira & Ron Fernández 1999).

* Este traballo inscribese no proxecto de investigación *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa* (FFI2009-08917 e FFI2012-32801), subsidiado, respectivamente, polo “Ministerio de Ciencia y Tecnología” e mais o “Ministerio de Economía y Competitividad”.

1 Para as referencias ás cantigas da poesía profana, utilizamos o sistema de Jean Marie D’Heur (1975: 10-93), coas correccións achegadas por Montero Santalla (2000: 55-101), xunto coa numeración do *Repertorio metrico* de Tavani (1967), seguido do nome abreviado do trobador, tamén establecido polo mesmo estudoso, e das referencias convencionais dos manuscritos. Para a lectura dos manuscritos, servímonos das edicións facsimilares dos cancioneiros: B = *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)*. Cód. 10991. Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982; V = *Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*. Lisboa: Centro de Estudos Filolóxicos / Instituto de Alta Cultura, 1973.
Os criterios de edición utilizados son os propostos en Ferreiro & Martínez Pereiro & Tato Fontaña (2007).

No v. 4 da cantiga afonsina, a forma <lib'ra> do único manuscrito que transmite a cantiga, o Cancioneiro da Biblioteca Nacional, foi lida e interpretada, sucesivamente, de maneira diversa.

A primeira edición da cantiga débese á pena de Carolina Michaëlis de Vasconcellos, que, no segundo volume do seu *Cancioneiro da Ajuda*, transcribe así o inicio da composición afonsina (Michaëlis 1990, II: 380-381, vv. 1-6):

Don Gonçalo, pois queredes ir d'aqui pera Sevilha
 por veerdes voss'amiga, (non o tenh'a maravilha),
 contar vus ei as jornadas lego'a legoa, milh'e milha.

Ir podedes a **Librilha** (?) e torceredes ja-quanto,
 e depois ir a Alcalá sen pavor e sen espanto
 que ajades de perder a garnacha nen o manto.

En nota aclaratoria á forma do topónimo, advirte que “É assim que penso emendar *lib'ra*, embora não esteja em rima com *Sevilha*, *maravilha*, *milha*. Mas *Librilha* (penso no lugar Librilla em Murcia, bispado de Cartagena) podia também ser forma aportuguesada de *Librija*, *Lebrija* (Sevilla), uma das conquistas andaluzas que se revoltaram em 1263” (Michaëlis 1990, II: 380, n. 2).

Por súa parte, a mediados do século XX, Elsa e José Pedro Machado publican a súa peculiar edición do Cancioneiro da Biblioteca Nacional, onde presentan unha transcripción destas dúas estrofas co seu singular sistema e cunha diferente interpretación do topónimo (Machado & Machado 1950, II: 312):

Don Gonçalo, poys queredes
 ir d aqui para Seuilha
 por ueerdes uoss amig[a],
 E non o tenh a marauilha,
 Contar uos ei as iornadas
 lego a Legoa, milh e milha.

E ir podedes a **Seuilha**
 E torceredes ia quanto,
 e depouys ir a Alcalá,
 Se[n] pavor e se[n] espanto
 Que uos aiades di perder
 A garnacha, nen no manto.

Cronoloxicamente, a seguinte edición xa corresponde á grande compilación editorial de Manuel Rodrigues Lapa, que mellora notabelmente o texto fornecido polos anteriores estudiosos (Lapa 1970: 65):

Don Gonçalo, pois queredes ir daqui pera Sevilha,
por veerdes voss'amiga, e[u] nõno tenh' a maravilha:
contar-vos-ei as jornadas légoa [e] légoa, milh[a] e milha.

E ir podedes a **Libira** e torceredes já quanto,
e depois ir a Alcalá se[n] pavor e se[n] espanto
que vós ajades d'i perder a garnacha nen no manto.

Nótese como, por vez primeira, se respecta a lección do manuscrito canto á forma do topónimo, mais Lapa nada aclara ao respecto, limitándose a constatar que Michaëlis “propõe, duvidosamente, *Librilha*, lugar em Múrcia”; asemade, o grande editor portugués cualifica como “totalmente desconforme” a opción machadiana en prol de *Sevilha* (Lapa 1970: 65).

O maxisterio lapiano xa se fai sentir nas seguintes edicións da cantiga afonsina. Así, Paredes, con texto absolutamente coincidente nas dúas propostas críticas do cancionero profano de Afonso X, que publica sucesivamente cun intervalo de nove anos (2001: 193; 2010: 120), segue moi fielmente o texto do mestre de Anadia:

Don Gonçalo, pois queredes ir daqui pera Sevilha,
por veerdes voss'amigo, e nono tenh'a maravilha,
contar-vos-ei as jornadas legoa [a] legoa, milh[a] a milha.

E ir podedes a **Libira** e torceredes ja quanto,
e depois ir a Alcalá se[n] pavor e sen espanto
que vós ajades d'i perder a garnacha nen no manto.

Tanto na tradución da peza ao castelán (2001: 142), como no glosario (p. 392) e, sobre todo, na nota correspondente ao cuarto verso, o editor da Universidade de Granada comenta as lecturas michaëliana e machadiana, rexeitando tanto *Librilla* (en Murcia) como *Sevilla*; opta, así, por vincular *Libira* á cidade sevillana de Lebrija: conforme afirma o editor andaluz, esta sería unha “Interpretación mucho más acorde con la geografía del texto. Ha de entenderse pues, Lebrija” (Paredes 2001: 144).

En 2002, Graça Videira Lopes, na súa proposta editorial, segue a esteira de Rodrigues Lapa, mais con mudanza da forma do topónimo (Lopes 2002: 55):

Dom Gonçalo, pois queredes ir daqui pera Sevilha,
por veerdes voss'amigu', e nõn'o tenh'a maravilha,
contar-vos-ei as jornadas légo'a légoa, milh'e milha.

E ir podedes a **Librija** e torceredes já quanto,
e depois ir a Alcalá se[m] pavor e sem espanto
que vós hajades d'i perder a garnacha nẽn'o manto.

A pertinente nota explicativa, a partir dunha errada lectura <Lib'xa>, tenta xustificar a súa opción: “Atendendo a que Librija era uma das praças-fortes de D. Henrique, fixeime nesta lição, que parece, aliás, a que corresponde melhor ao ms.” (Lopes 2002: 55).

Finalmente, na compilación dirixida pola mesma autora e publicada en rede como resultado do proxecto *Littera*, na web da Universidade Nova de Lisboa, é presentado idéntico texto, agora coa forma *Librixa* para o topónimo, que presenta, de novo, idéntica nota aclaratoria.

A pesar de que o contido da composición, como dixemos, aínda non foi totalmente esclarecido, neste inicio da cantiga semella evidente que estamos perante unha forma que ten de remitir a un topónimo andaluz, vista a presenza das alusións a Sevilla (v. 1) e Alcalá de Guadaíra (v. 5).

E máis unha vez, coidamos que os manuscritos, neste caso o único manuscrito que transmite o texto de Afonso X, presenta a lección certa, pois o topónimo *Libira* está ben atestado en varios documentos medievais, e, significativamente, en dúas pasaxes da *General Estoria* do propio Afonso X²:

E pirus com era mancebo auie sabor dandar e no estar en un logar. e tomo su mugier e coios por la ribera de la mar esquantra parte dorient. y ell era muy caçador. e fallo en una montanna muchos ossos e mato y muchos dellos e fizo grand caça. e puso nombre a aquel logar el campo ursino. e de si poblo y una cibdat al pie de la sierra e pusol nombre ursina por la caça de los ossos. y esta es a la que agora llaman ossuna. Dende tomaron por essas montannas esquantra orien fasta que llegaron a una sierra much alta. e pregunto pirus a los omnes de la tierra que logar era aquel. ellos dixieronle quel dizien la sierra del sol. porque auie y siempre nief. Y el porque uio que auie y buenas uegas e grandes e muchas aguas. semeiol que serie buena tierra pora pan e poblo y una cibdat. e por amor de su mugier. pusol nombre **Libira**. e assi a nombre. oy en dia.

Al quinto Arçobispado establecio en tierra de Luzenna. en la cibdat de Merida. E puso quel Obedeciessen estos Obispados. Bega. Lixbona. Axanayba. Aytalia. Coymbra. Bisana. Lenca. Calabria. Salamanca. Galba. Gebura. Coria.

Al sexto Arçobispado puso en Seuilla & diol por Obispados. Talica. Sidonia que es xerez. Labla que es Niebla. Malaga. **Libira** que es granada.

Ademais, Diego Hurtado de Mendoza, na obra *De la guerra de Granada* (1569-1673) aclara perfectamente o topónimo:

2 Os textos medievais casteláns foron localizados e son citados a través de REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CORDE) [en liña]. *Corpus diacrónico del español*. <<http://www.rae.es>> [10-3-2014].

La escogieron porque en el suelo y aire parecía más a su tierra. Primero asentaron en **Libira** (a que antiguamente llamaron Illiberis y nosotros Elvira), puesta en el monte contrario de donde agora está la ciudad, lugar falto de agua y de poco aprovechamiento.

Efectivamente, *Elvira* é, na actualidade, unha parte da cidade de Granada, mais *Libira* na cantiga afonsina fai referencia ao antigo asentamento urbano, continuación de Ilberis, cidade ibérica, romana e despois importante poboación musulmá, situada na aba da Sierra Elvira, na veiga de Granada.

Deste xeito, na cantiga afonsina debe manterse a forma *Libira* tal como o manuscrito do Cancioneiro da Biblioteca Nacional transmite:

Don Gonçalo, pois queredes ir d'aquí pera Sevilha,
per-veredes voss'amig', e non no tenh'a maravilha:
contar-vos-ei as jornadas lego'a legoa, milh'e milha.

E ir podedes a **Libira** e torceredes ja-quanto,
e depois ir a Alcala se[n] pavor e sen espanto
que vós ajades d'i perder a garnacha nen no manto.

II. A coñecida cantiga afonsina sobre o “daian de Calez” («Ao daian de Calez eu achei», 491 / 18,4 [B 493, V 76]) presenta, para a palabra-rima do v. 2, diferente lección en cada un dos apógrafos italianos. Así, mentres en B a lectura <be(r)ger> parece indubitábel, aínda que ningún dos editores fai referencia ao feito de <r> aparecer riscado polo copista, en V parece lerse <beger>, que sería correspondencia perfecta co texto do Cancioneiro da Biblioteca Nacional. Porén, é certo que o do manuscrito vaticano presenta unha curvatura da barriga moi leve, feito que levou a Monaci, seguido por todos os editores posteriores, a transcribir <leger> (Monaci 1875: 35).

A partir destes datos, podemos facer a historia editorial desta pasaxe de Afonso X, que encontrou unha primeira versión na vetusta edición de Teófilo Braga (1878: 16), baseada unicamente no manuscrito do Cancioneiro da Vaticana, en que establece *leger* como lectura máis acaída, ao tempo que o explica como ‘ler’ no seu “Glossario arcaico do cancionero” (Brago 1878: 234):

Ao dayão de Calez eu achey
liuros que lhi levavam da **leger**,
e ó que os tragia preguntey
por elles, e respondeu-m'el: senhor
como estes liuros que vós veedes, dous
e com os outros que ele tem dos sons
ffod'er per eles quanto foder quer.

Por súa parte, os Machado propoñen unha exótica lectura (e interpretación) para a pasaxe en cuestión (1950, II: 372):

Ao dayam de Calez eu achei
liuros que lhi leuaram, **d Ab[n] Eger**,
e o que os tragia preguntey
por elles e respondeu m el: Senhor,
con estes liuros que uos ueedes dous,
e con os outros que ele ten dos ssous,
ffod el per eles quanto foder quer.

Con todo, interróganse sobre outras posibilidades interpretativas: “a lectura desta última palabra deixa dúbidas: *daberger dabeger, dabenger, doberger, doberger?* Será *de Berger*, antropónimo? Em C. V.: *liures que lhi leuauan da leger. Será Alger?*” (Machado & Machado 1950, II: 373).

En 1970 Manuel Rodrigues Lapa publica a segunda (e definitiva) edición do xénero escarniño, cunha versión máis rigorosa do texto afonsino (1970: 42):

Ao daian de Cález eu achei
livros que lhi levavan **d’aloguer**;
e o que os tragia preguntey
por eles, e respondeu-m’el: –Senher,
con estes livros que vós veedes dous
e conos outros que el ten dos sous
fod’el per eles quanto foder quer.

O ilustre editor móstrase firme na súa proposta textual: “Não pode haver dúvida de que a lectura deverá ser *d’aloguer*, confirmada pelo v. 6: aqueles dois livros eram emprestados, de aluguer; outros tinha ele, com igual virtude, na sua própria estante” (1970: 42).

No entanto, en 2001 o texto lapiano é emendado na edición crítica do cancionero profano de Afonso X (Paredes 2001: 294), cunha lectura reiterada en 2010 (Paredes 2010: 266):

Ao daian de Cález eu achei
livros que lhi levarian **da benzer**,
e o que os tragia preguntey
por eles, e respondeu-m’el: –Senher,
con estes livros que vós veedes dous
e conos outros que el ten dos sous
fod’el per eles quanto foder quer.

Após recoller as lecturas anteriores dos Machado e de Lapa, Juan Paredes xustifica a súa interpretación: “siguendo la lectura de B: *berger* o *benger*, y teniendo en cuenta la posible confusión *g / z* (que en los ms. aparece con trazo largo), tal vez la lectura más correcta podría ser *da benzer*: ‘para bendecir’” (Paredes 2002: 298).

Por súa parte, Graça Videira Lopes (2002: 84) retoma fielmente a lectura lapiana en todos os pormenores, declarando que “segue” a interpretación “conjectural” *d’aloguer*, que volta a aparecer no proxecto *Littera*, dirixido pola estudiosa portuguesa, cuxos resultados son publicados *online* pola Universidade Nova de Lisboa.

Na realidade, semella que todas as propostas críticas comentadas se apoian en lecturas deficientes, tal como xa anunciamos antes: por unha banda, a lección <leger> de V é certamente discutíbel fronte a <beger>; por outra banda, ningún dos editores advertiu o feito de <r> aparecer riscado na inicial escrita <berger> de B. Tales bases paleográficas xustifican, parcialmente, a diversidade de lecturas: para alén do imposíbel *leger* ‘ler’ de Braga, por obvias razóns de inexistencia de tal forma para o *leer* medieval (ademais do problema rimático que suscita), a opción en prol de *aloguer* (Lapa, Lopes, *Littera*), aínda que semelle coherente coas referencias aos libros propios e emprestados, presenta diversas dificultades:

- a) a forma medieval de *aluguer*, a teor das ocorrencias existentes nas bases de datos, presenta sempre vogal pretónica /u/ (*aluger*, *alugeiro*, *alugueiro*, *alugeyro*, *alugueyro*)³;
- b) os “libros de aluguer” parecen un fenómeno moderno;
- c) e, sobre todo, *aloguer* non se corresponde coa lección dos manuscritos.

Por outra parte, o parediano *benzer* aínda presenta máis problemas, por cima do difícil encaixe interpretativo con esa sacrílega benzón de manuais amatorios:

- a) a única forma verbal documentada nas cantigas trobadorescas é *bẽeicer* (e o substantivo *beẽçon*), sendo *benzer*, con crase do hiato, unha variante que só aparece en textos moi serodios (vid. CPIM, s.v. *benzer*);
- b) como verbo da segunda conxugación, *benzer*, o mesmo que o braguiano *leer*, implicaría unha anómala rima [er]-[er];
- c) de novo, estamos perante unha forma conxectural que se afasta da lección dos manuscritos.

3 Só achamos “Et avedes morar e usar vos e a vos vos pera sempre a dita casa, sen renda e **alogueiro** ninhun” nun documento de 1369 (cf. TMILG, s.v. *alogueiro*).

Fronte á reconstrución editorial de formas como *aloguer* (Lapa, Lopes) ou *benzer* (Paredes), a indubitable lección unánime dos dous manuscritos, con emenda en B (<be(r)ger> B, <beger> V), apunta a que a lectura deberá ser *Beger* (ou *Bejer*), como alusión á cidade hoxe coñecida como Vejer de la Frontera, próxima a Cádiz (*Calez*).

Nos textos antigos casteláns é esta (xunto con *Bejer* e tamén, en menor medida, *Veger* e *Vejer*, que só aparecen a partir dos séculos XV-XVI) a forma toponímica de tal poboación. Eis só as primeiras ocorrencias do topónimo (que só moi tardiamente incorporou a especificación *de la Frontera*)⁴:

en Gallisia ay otros puertos, mas non sacan por y synon sayn de pescado e son estos: Ponte vedra Padron Noya.

Enel Andalusia, Huelua Cales **Bejer** Seuilla Xeres son puertos; mas son puestas en las villas do se han ayuntar las mercadorias, e son y puestos los ommes que han a tomar los fiadores delos mercadores (“Ordenamiento de posturas en el Ayuntamiento de Jerez”, 1268).

Los ommes que han a tomar los fiadores enlos puertos sobre dichos son estos: en Sant Ander Bernalte dela Obra, Pero Roys de Ferrera. Enel Aredo don Peres, el alcalde Pedro Barranca. En Castro de Ordiales Pero Diuisa, Pero Arnalte, Salamon. En Sant Sebastian Guillen Peres de Mara, el prioste Martin Garcia de Arnaua. En Fuent rrabia Garçi Johan e el preboste. En Huelua Johan de la Perula, Pero Martines de Caçalla e Alfonso Peres. En Cadis Diego Peres fijo de Pero del Llano, Pero Alfonso omme del rrey. En **Bejer** Domingo Johan mercadero, Ferrand Domingues omme del rrey (“Ordenamiento de posturas en el Ayuntamiento de Jerez”, 1268).

Tenemos por bien e mandamos que todos sus ganados pascan comunalmientre en todos los términos de Xerez e de Carmona e de Arcos e de Medina e de Alcalá e de **Bejer** e de Niebla e de Huelua e de Gibraleón, assí commo en los suyos mismos, e que les non tomen montadgo ni assadura en nenguno destes logares ni los contrallen ni los embarguen ni los peyndren, non faziendo danno en miesses ni en vinnas ni en huertas ni en deffesa que fagan por bueyes de laour (“Privilegio dado por el rey don Alfonso a Sevilla acerca de los pastos de diversos lugares”, 1269).

Otrossy, viemos otra carta plomada del rey nuestro padre en que otorga al conçejo de Seuilla que los su ganados pazcan comunalmente en los términos de Xerez e Carmona e de Arcos e de Medina e de Alcalá e de **Bejer** e de Niebla e de Huelua e de Gibraleón, asy como los suyos mismos, e que les non tomen nin portadgos nin assadura. (“Privilegio dado a Sevilla por el rey don Sancho, en el que confirma los otorgados por don Fernando...”, 1284).

4 REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CORDE) [en liña]. *Corpus diacrónico del español*. <<http://www.rae.es>> [10-3-2014]

Mais tamén aparece *Beger* por dúas veces na *Crónica Xeral* galega (vid. TMILG, s.v. *Beger*):

Et tenderōse as algaras contra **Beger**, et per todas essas partidas, correndo et acollendo quanto y acharō.

Desque el rrey dō Fernando ouue gāanada Seuilla, et a ouue poblada et aforada et asesegada bem, et ouue y ordinadas todas suas cousas a onrra et a nobleza del et da çibdad[e] et de seu reyno et a seruiço de Deus et a prol et a guardamento dos pobladores, gāanou depouys Xeres, Midina, Alcalá, **Beger**, Sancta Maria del Porto, et Calez, que iaz dentro eno mar, Sanluca del Pechã, et ata Arcos et Librixa.

E, sobre todo, o topónimo *Beger* áchase documentado perfectamente nas *Cantigas de Santa Maria* do propio Afonso X:

... e ar póbrou
 Badallouz, que reyno é
 Muit'antigu', e que tolleu
 a mouros Nevl'e Xerez,
Beger, Medina predeu
 e Alcalá d'outra vez (CSM A.15).

A partir do establecemento de *Beger* como lectura obvia e interpretación certa da forma manuscrita, só fica o problema do artigo toponímico no elemento <da> que precede *Beger* en BV. Dada a inexistencia, no período moderno, de tal artigo, poderíase pensar que se tratase dun lapso de copia <a>/<e> moi frecuente nos apógrafos italianos, en moitas ocasións precedido de <d>: *de* <da> V (817.13), *d'en* <dan> V (886.13), *de* <da> V (993.22), *der* <dar> B (1024.20), *deu* <da> BV (1058.7), *de* <da> V (1219.10), *Todela* <todala> BV (1348.17), *de* <da> V (1593.7) etc. Porén, ao longo do cancionero profano galego-portugués achamos algúns artigos toponímicos moi similares que aconsellan a manutención da lección coincidente dos manuscritos: *mias toucas da Estela*, / *eu non vos tragerei* (920.9-10); *ben da vila da Graada* / *trag'eu o our'e o mouro* (1465.11-12).

Eis, pois, a nosa proposta crítica para a primeira estrofa da cantiga de Afonso X:

Ao daian de Calez eu achei
 libros que lhi levavan da **Beger**,
 e o que os tragia preguntei
 por eles, e respondeu-m'el: “Senher,
 con estes libros que vós veedes –dous–
 e con os outros que el ten dos sous
 fod'el per eles quanto foder quer.

III. O terceiro topónimo problemático na poesía de Afonso X que queremos tratar aparece nunha cantiga satírica centrada na figura de Ansur Moniz, que é presentada como un fidalgo rural de pouca importancia que aspiraba a maior consideración. Nesta peza, transmitida polos apógrafos italianos (D’Heur 480 / Tav 18,3), existe unha acumulación de topónimos que só parcial e diversamente foron interpretados nas diferentes edicións dos textos afonsinos. E para alén das formas toponímicas, existen outros *loci critici* no texto que precisan maior reflexión e estudo. É por isto que ofrecemos a transcripción paleográfica da cantiga antes de tentarmos fixar un texto máis criterioso desde o punto de vista ecdótico:

B 482

Anfūr moniz muytounē grā
 pefār quandoucs uy deytar aosporteyros
 Vilana mente dantros efcudeyros
 E dixelhis lego fe dš māpar
 per bea fe fazedelo muy mal
 Ca dom anlfūr ome el meos ual
 Ven dos de villananlfūr de fferr eyros

E da outra parte uem dos defcobar ede tauros
 Mais nō dos de ciznerros
 mais de lauradōis e de ca’uoeyros
 E doutra ueo foy dos deforar
 E daz euedar e muy nat’al
 Hu iaz feu padre fa madre outro tal
 Eia ra el erodos feus herdeyros

E Sem esto er foy el gaanhar mais
 Caos feus auocs p’ mōs e 9prou fouce ftūa
 Ebreiros e uilar de racs
 Ar foŷ 9pr pera lfēu co’pe diz canō lhental
 Deuiuer pobre ca q̄ xa ffal
 Falecer lha todos fe9 9panheyros

V 65

Ansur moniz muyto mie grā
 pesar quando uos uy deytar aos
 porteyros uilana mēte dantros
 e fendeyros e dixelhis logo se dš mā (par)
 par per boa fe fazedelo muy mal
 ca dom ansfūr ome el meos ual
 ueu dos de uilananfūr de fferreyros

E da outra parte uem dos defcobar
 ede campos mais nō dos de ciznerros
 mais de laupadōis ede ca’uoeyros
 edoutra ueo foy dos defopar
 edam euedar e muy nat’al
 hu iaz seu padre sa madre outro tal e
 ara el erodos seus herdeyros

E sem esto er foy el gaanhar mais
 caos seus auoos p’ mōs e9 prou
 fouce stūa ebiryros e uilar de paes
 ar foy 9pr pera sfēu co’pe diz
 canō lhencal deuiuer p(r)obre ea
 q̄xa sfy ffal falecer lha todos se9 9panheyros

Historicamente, a primeira edición do texto foi a realizada por Teófilo Braga, con base no Cancioneiro da Vaticana. Moi deficiente do punto de vista filolóxico, carece de anotación e de elementos que contribúan a clarificar o seu contido, pois o brevísimo glosario final nada explica (Braga 1878: 13):

Ansur Moniz, muyto m' é gram pesar
 quando vos vy deytar aos porteyros
 vilanamente d'antr'os sendeyros,
 e dixelhis logo, se deus me ampar',
 per boa fé fazedel-o muy mal,
 ca dom Ansur ome el menos val
 vem dos de Vilansur de Ferreyros.

E da outra parte vem dos d'Escobar
 e de Campos, mais nom dos de Cizneiros,
 mais de Lampadões e de Carvoeiros
 e d'outra vem, foy dos d'estopar,
 e dam'em vëder é muy natural
 hu jaz seu padre sa madre outro tal
 e ar a el e tod'os seus herdeyros.

E sem esto er foy el gaanhar
 mais ca os seus avôos primeiros,
 comprou Fouç' a Estevam *Cabreyros*
 e Vilar de Paes ar foy comprar
 pera seu corp' e diz ca nom lhe vem al
 de viver pobre, e a que x'assi ffal,
 falecer-lh'ã todos seus companheyros.

A seguir, a edición semidiplomática do Cancioneiro da Biblioteca Nacional preparada polos Machado (1950, II: 346) tampouco supón un contributo de relevo ao texto crítico da cantiga:

Ansur Moniz, muyt ouue gram Pesar
 quando uos uy deytar aos porteyros
 Vilanamente d antr os escudeyros,
 E dixelhis logo: se Deus m anpar!
 Per boa fe, fazede lo muy mal
 Ca dom Anssur, ome el meos ual,
 Ven dos Villanssur de Fferreyros.

E da outra parte uem dos d Escobar
 e de Tancos, Mais non dos de Cizneiros,
 Mais de lauradores e de caruoeyros,
 E d outra ueo, foy de Escorar,
 E d Azeved ar [h]e muy natural,

Hu iaz seu padre, sa madre outro tal,
E iara el e todos seus herdeyros.

E Sem esto er foy el gaanhar
mais ca os seus auoos primeiros,
e comprou foc e strûa. E breyros
e Uilar de Rae s Ar foy conprar
pera sseu corp e diz ca non lh en ual
De uiuer pobre, ca quen x a ssy ffall
Falecer lh a todos seus companheyros.

A edición machadiana limitase, nas notas, a expresar dúbidas e formular preguntas como as seguintes: “9.- *tantos* (?); será *Campos*? 11.- *Estorar*, *Escorar*? 17.- *strûa*: será *estrume*? // *breyros*, estará por *Cabreyros*? por *obreyros*? 18.- Será *de Reis*?” (Machado & Machado 1950, II: 346-347).

Haberá que esperar, de novo, á edición de Manuel Rodrigues Lapa (1970: 19-20) para dispormos un texto moito máis fiábel, aínda que continúe a mostrar problemas de lectura e de interpretación nalgunhas pasaxes:

Ansur Moniz, mui’ouve gran pesar,
quando vos vi deitar aos porteiros
vilanamente d’antre os escudeiros;
e dixelhis logo, se Deus m’ampar:
– Per boa fê, fazede-lo mui mal,
ca Don Ansur, ond’ el[e] meos val,
ven dos de Vilansur de Ferreiros!

E da outra parte ven dos d’ Escobar
e de Campos, mais non dos de Cizneiros,
mais de Lavradores e de Carvoeiros;
e doutra vea foi dos d’ Estepar;
e d’ Azeved’ ar é mui natural,
u jaz seu padr’ e sa madr’ outro tal,
e jara el e todos seus erdeiros.

E, sen esto, er foi el gaanhar
ben mais ca os seus avoos primeiros;
e comprou Fouce, en terra de Cabreiros,
e Vilar de Paes ar foi comprar
pera seu corp’, e diz ca non lh’ en cal
de viver pobre, ca, quen x’ assi fal,
falecer-lh’-an todos seus companheiros.

A partir de Lapa é repetido o texto, practicamente sen cambios importantes, na edición crítica da poesía profana de Afonso X (Paredes 2001: 225). As únicas diferenzas textuais a respecto do texto lapiano de 1970 asentan na conservación da forma *el* no v. 6, na (correcta) supresión do adverbio *ben* (inexistente nos manuscritos) no v. 16 e mais en explicitar unha lacuna textual entre os hipotéticos *Fouce* e *Cabreiros* do v. 17, sen que, por outra parte, se perciban avances significativos na interpretación dos topónimos da cantiga.

O maxisterio do profesor de Anadia pervive tamén na edición de Graça Videira Lopes (2002: 69), que perpetúa o texto do estudioso portugués, mesmo nos seus lapsos editoriais⁵; porén, Lopes introduce mudanzas en formas toponímicas partindo de razoamentos certamente discutíbeis (vid. *infra*): *Estopar* (v. 11), *Fouc'*, *Estrũa* e *[Ca]breiros* (v. 17) e *Vilar de Rates* (v. 18). A lectura lopesiana do v. 17 foi, finalmente, adoptada na segunda edición da poesía afonsina realizada por Paredes (2010: 204), onde se indica simplemente que é “más adecuada”⁶.

En calquera caso, coidamos que é conveniente achegar unha nova edición para este texto afonsino, certamente singular pola acumulación de topónimos, todos eles localizados no actual territorio leonés-castelán (entre o Bierzo e Burgos) conforme os datos de que dispomos:

Ansúr Moniz, muit'ouve gran pesar
 quando vos vi deitar aos porteiros
 vilanamente d'antr'os escudeiros;
 e dixelhis logo, se Deus m'ampar:
 “Per boa fe, fazede-lo mui mal, 5
 ca Don Ansúr, u me el meos val,
 ven dos de Vilanansúr de Ferreiros;

e da outra parte ven dos d'Escobar
 e de Campos, mais non dos de Cizneiros,
 mais de lavradores e de carvoeiros; 10
 e d'outra veo: foi dos d'Estepar,
 e d'Azeved'ar é mui natural,
 u jaz seu padr'e sa madr'outro tal,
 e jara el e todos seus erdeiros.

E, sen esto, er foi el gaanhar 15
 máis ca os seus avoos primeiros;
 e comprou fouces, terra e [o]breiros,

5 Continúa *antre* no v. 3 e *ben* no v. 16.

6 Tamén segmenta *x'a si* no v. 20 o que fora sempre fixado como *x'assi*.

e Vilar de Paos ar foi comprar
 pera seu corp', e diz ca non lh'én cal
 de viver pobre, ca, quen x'assi fal, 20
 falecer-lh'-a[n] todos seus companheiros".

D'Heur 480 (= Tav 18,3)

Manuscritos: B 482, V 65

Variantes manuscritas:

1 ouve] oune *B*, o mie *V* 2 vos] ucs *B*, uos *V* 3 escudeiros] e fendeyros *V* 4 logo]
 lego *B* 5 boa] bea *B* 6 u me el] ome el *BV* 7 Vilanansur] uillananflur *B* 9 Campos]
 tauros *B*; Cizneiros] ciznerros *BV* 10 lavradores] laupadöis *V* 11 d'Estepar] deftorar
B, deftopar *V* 12 e d'Azeved'ar] edam euedar *V* 14 jara] ara *V*; todos] redos *B*, rodos *V*
 16 avoos] aucos *B* 17 fouces, terra e [o]breiros] fouce ft'ua / E breyros *B*, fouçe st'ua
 ebieroyros *V* 18 Paos] racs *B*, paes *V* 19 cal] tal *B* 20 ca] ea *V* 21 todos] tedos *B*

Notas ao texto

1. Ansur Moniz é un personaxe descoñecido con pretensións de grande señor, talvez o mesmo que aparece en dúas cantigas de Vaasco Perez Pardo (1526 / 154,6 [B1507] e 1527 / 154,12 [B1508]); neste sentido haberá que interpretar a queixa por os porteiros o incluíren no grupo dos escudeiros, de baixa categoría social.
3. Os manuscritos mostran claramente a habitual crase fonética entre a preposición *antre* e o artigo, que Lapa, Paredes e Lopes non respectan.

O adverbio *vilanamente*, verdadeiro hapax na lingua medieval, é susceptíbel de interpretacións diversas, tal como xa Lapa apuntou: “Em galego-português devia ser *vilãamente*. Pode ser que o *n* esteja em lugar de *til*; mas também pode ser que a forma castelhana ou arcaica denuncie uma intenção de estilo em sentido escarninho, sobre apresentar maior consistência para efeitos de métrica” (Lapa 1970: 19). Porén, coidamos que tal forma adverbial presenta unha forma erudita similar, con *-l-* intervocálico, á dos adverbios *solamente* ou *malamente*, atestados con moita frecuencia desde os primeiros textos até, como mínimo, o século XV⁷. *Vilanamente* debeu ser, con certeza, unha formación adverbial de moi escaso uso, de que só localizamos un único rexistro na *Crónica do Conde D. Pedro de Meneses*, que presenta o mesmo *-n-* intervocálico do texto afonsino:

7 Resulta ben significativo que no TMILG só apareza un rexistro de *maamente* e dous de *soamente* (todos eles na tradución das *Partidas*), fronte a, respectivamente, vinte e dúas atestacións de *malamente* e cen de *solamente* en todo tipo de obras. Noutras bases de datos, como o CIPM e o CdP, prevalecen tamén os resultados con *-l-*.

& assy por elles nõ terem armas, como sobre a torre ser hũ outeiro de que reçeibiam grande dapno, dous daquelles heram d'acordo que se dessẽ aos mouros, mas os outros nõ quiseram per nenhua guisa estar per aquella temçõ, dezemdo que amte se queriam lleyxar morrer q(ue) se deyxarẽ tã **villanamente** cativar (vid. CPIM, s.v. *villanamemte*).

6. A lección <ome el> de BV non ten sentido, causa que explica a corrección de Lapa, seguida polos posteriores editores: *ond'el[e] meos val* (coa forma *el* en Paredes, e con *onde* en Lopes). No entanto, para esta emenda da lección manuscrita <ome> é necesario considerar unha confusión <m>/<nd>, que non conseguimos atestar nos apógrafos italianos. Polo contrario, partindo do frecuente erro <o>/<u> e dunha segmentación diferente, a nosa proposta, ao tempo que evita problemas de hipometría, cadra ben co sentido (*me* sería un dativo ético) e mantén maior fidelidade aos manuscritos.
7. *Vilanansur de Ferreiros* fai referencia ao actual Villasur de Herreros, concello da provincia de Burgos, tal como xa foi identificado a partir de Lapa.
- 8-10. Os topónimos *Escobar*, *Campos* e *Cizneiros* non foron localizados nas edicións anteriores, e só Lopes se limita a preguntarse se o primeiro terá algunha relación con *escova*. Coidamos que os tres pertencen, xunto cos restantes da cantiga, ao mesmo territorio; isto é, *Escobar* sería Escobar de Campos (concello da actual provincia de León), mentres que *Cizneiros* se debe referir a Cisneros, un concello situado no centro-sur da provincia de Palencia; finalmente, *Campos* fará referencia ao antecitado Escobar de Campos ou, tamén, á Terra de Campos, extensa comarca que se estende polas provincias españolas de León, Zamora, Valladolid e Palencia.

Desta maneira, a cantiga infórmanos da contraditoria ascendencia de Ansur Moniz, descendente de familias de *Vilanansur de Ferreiros*, *Escobar* e *Campos* (talvez menos brasonadas que as de *Cizneiros*): na realidade, parece proceder de labradores e carboeiros, profesións baixas na escala social. Nótese, finalmente, que a presentación de *lavradores* e *carvoeiros* con maiúscula inicial nos diversos editores parece suxerir que se tratarían tamén de eventuais formas onomásticas, cuestión que vai contra a lóxica discursiva da cantiga.

- 11-12. A emenda de Lapa e dos editores poslapianos de <ueo> para unha forma *vea*, a que lle atribúen o sentido metafórico de 'liñaxe', é desnecesaria, pois coidamos que *veo* é o pretérito de *viir*, a indicar que Ansur Moniz *veo d'outra parte* tamén: de *Estepar* e de *Azevedo*.

Estepar debe corresponder ao actual Estépar (seguramente a forma antiga sería *Estepar*, derivado de *estepa*, tal como outros topónimos da meseta castelá), tamén

en Burgos (na mesma comarca que *Vilanansur de Ferreiros*), identificación xa establecida por Lapa (1970). Por súa parte, Lopes, coa forma *Estopar*, que respecta literalmente a –errada– forma dos manuscritos, suxire unha difícil relación co moderno verbo *estopar* (“mas também trabalhar a estopa”), que non aparece na lingua até o século XX⁸.

Por outra banda, só Lopes avanza unha localización (portuguesa) de *Azevedo*, indicando que “poderá ser uma provoação perto de Caminha; poderá também haver um equívoco com o azevém, planta para forragens” (Lopes 2002: 69). Porén, a concentración dos topónimos no territorio leonés-castelán aconsella relacionar *Azevedo* co actual Acebedo, outro concello leonés.

16. A contaxe bisilábica de *mais* evita o recurso a ningún tipo de reintegración. Neste sentido, pois, é de rexeitar o recurso ao adverbio *ben* que Lapa introduciu e Lopes conservou.
- 17-18. Eis o verdadeiro *locus criticus* da cantiga, con lecturas dispares entre os diversos editores, todos eles con reconstrución de topónimos conxecturais, máis ou menos imaxinativos, mesmo con recurso a formas inexistentes, como *Estrũa* en Lopes (e Paredes en 2010), que, segundo estes editores, sería *estrume* (?!), tal como no seu momento suxeriran os Machado.

“A nossa leitura é meramente conjectural”, afirma Lapa para xustificar *Fouce*, *en terra de Cabreiros*; e sobre o *Vilar de Paes* fixado na súa edición acrecenta: “Talvez se pudesse ler *Pães*, para acentuar a rusticidade do lugar, o que parece, aliás, apoiar aquele *pera seu corpo* do v. 19” (Lapa 1970: 19). Como acontece habitualmente, o texto lapiano prolóngase na edición de Paredes (2001); Lopes, polo contrario, ofrece unha lectura diferente, tamén recoñecida como “apenas conjectural”, que foi aceptada en 2010 por Paredes. Conforme o texto lopesiano (presente, outrosí, na versión *online* do proxecto *Littera*), Ansur Moniz tería comprado “Foice, Estrume, Cabreiros e Vilar de Rates (campo com buracos de toupeiras), para o seu sustento” (Lopes 2002: 69). A editora portuguesa amplifica o seu comentario nas notas finais á súa compilación escarniña: “Lapa leu *Fouc’ en terra de Cabreiros / e Vilar de Paes*, o que não me parece uma lição feliz, sobretudo no primeiro verso, que se afasta demasiado dos mss.; mas a sua sugestão, feita em nota, de que se poderia ler *Vilar de Pães*, talvez seja possível. De qualquer forma, atendendo a que o rei faz um jogo com topónimos existentes, e não havendo notícia de qualquer Vilar de Pães peninsular (enquanto Rates existe), decidi-me por Vilar de Rates.

8 Así se deduce da inexistencia de calquera indicio de *estopar* no TMILG e no CIPM. Este verbo só se localiza no século XX no CdP e mais no RILG.

Uma outra hipótese sería Vilar de Frades, já que, dentre as várias povoações com este nome, uma situa-se exactamente em terra de Campos, portanto uma área geográfica predominantemente aludida na cantiga; mas esta hipótese, além de nos afastar dos mss. parece-me adequar-se pior ao espírito irónico das outras referências” (Lopes 2002: 558).

Certamente, a acumulación de erros de copia neste verso obriga a reler criticamente as secuencias de B e V, na procura dunha proposta crítica o máis axustada posíbel ao texto dos manuscritos. A cantiga informa que Ansur Moniz *comprou* algo, non necesariamente poboacións. É por isto que, perante o probábel erro dos manuscritos, a forma *fouces* é ben posíbel a partir de <fouce ɲ> B, <fouçe sɨ> V, plural co <s> que aparece aglutinado co elemento seguinte. Por outra parte, a secuencia <t’ua> BV moi facilmente pode ser interpretada como *terra*, xa que o erro <u>/<rr> (ou <u>/<ir>, pola equivalencia <ir> = <rr> en BV) é moi frecuente nos apógrafos italianos, especialmente en V: *querrei* <queuey> (V 368.5), *morrerei* <mouerey> V (385.20), *morrer* <mouer> V (387.1, 446.6), *morrerei* <moue rey> V (417.6), *errei* <euey> V (498.12), *sirgo* <sguo> BV (735.4), *ir* <hu> B (933.10), *querrei* <q̄uey> B (1230.2) etc. Finalmente, as leccións <breyros> B, <bieryros> V permiten sen dificultade interpretarmos *[o]breiros*, tal como suxeriran marxinalmente os Machado.

Deste modo, a compra de *terra* e *fouces*, así como a contratación de *obreiros*, condí co verso seguinte, que culmina as adquisicións de bens coa propiedade dun lugar enteiro. Perante a inexistencia dun topónimo igual ou similar a *Vilar de Paes*, lectura literal de V (ou *Vilar de Raes* ~ *Raos*, que se desprendería de B), debemos supor, novamente, a existencia dun erro na transmisión manuscrita, dado que todos os topónimos citados no escarnio afonsino parecen corresponderse con lugares reais. Deste xeito, co *Vilar de Paos* proposto en V só aparecería a banal confusión <e>/<o>, moi frecuente nos dous apógrafos italianos. Por outra parte, en B o erro <r>/<p> rexístrase con frecuencia: nesta mesma composición <tauros> *Campos* (v. 9) e <lestorar> *Estepar* (v. 11), ou, entre outros moitos casos, véxase no mesmo copista de B <ror> *por* (479.18), <rcer> *poer* (856.1) etc.; ademais, o erro <c>/<o> en B tamén é frecuente: nesta mesma cantiga <ucs> *uos* (v. 2), <aucos> *auoos* (v. 16) e no mesmo copista véxase, por exemplo, <llcō> *ffoō* (478.29), <rrazc̄ar> *rrazōar* (478.46), <olhcs> *olhos* (855.6, 14, 16 e 20), <rcer> *poer* (856.1), <quantcs> *quantos* (859.2) etc. Estes datos permiten asegurar con certa probabilidade que a solución editorial máis axustada para o topónimo sexa *Vilar de Paos*, que ben se pode corresponder co antigo *Villar de Palos* (actualmente, gal. *Viladepaos* ou *Viladepaus*, cast. *Villadepalos*), poboación do concello de Carracedelo, tamén no hodierno territorio provincial leonés, que aparece citada no *Censo de Poblacion de las Provincias y Partidos de la Corona de Castilla en el Siglo XVI* (González 2009: 30), como núcleo

populacional incluído na “provincia de Ponferrada”. De todos os xeitos, *vila* e *vilar* deben alternar desde antigo⁹, a teor de diversas documentacións galegas e castelás:

Sabian quantos esta carta uiren, como nos, don Jullao, albad de Samoos, τ o conuento dellē lugar, damos a uos, Pedro Diaz, τ a un uosſo fillo ou filla, qual nomeardēf, a uosſa morte, o noſſo caſal de **Uilla de Paos** que perteneſe aa meſa do albad, con todas ſuas dereyturas τ perteneſas, ao qual dizen Cima de Uilla, que o tenadēf en toda uosſa uida τ o lauredēf τ o paredēf ben τ nos diadēf ende cada ano, uos, Pedro Diaz, j moyo de ſenteo τ j moyo de ſeuada, τ o fillo que nomeardēf, ou filla, darnos cada ano dous moyos de centeo por la feſta de San Miguel (doc. de Samos, 1286; cf. TMILG, s.v.).

A forma galega aínda se conserva nun documento, en castelán, de finais do século XIV:

Yo el adelantado Pero Suárez de (Quinones) saluda bien: sabades en conmo por el día de Santa Martino del mes de noviembre me avedes a dar en cada Monesterio çento e çinquenta maravedís. En **Villa de Paos** con la villiella dies e ocho maravedís (Gómez Bajo 1993: 193).

Mais na *Crónica de veinte Reyes* xa aparece a forma toponímica en castelán:

El çid le dixo tomad a don alfonso çam[or]ja & toro con la meatad del jnfantadgo. E a don garçia villa franca pon ferrada valdecres & valdueña con sus terminos fasta **Villa de Palos**. E a don sancho sand fagun de lobaton valde negro Rio seco & medina del canpo assi commo parte con estremadura. Dixo el Rey çid mucho le damos. El çid dixo Señor los hermanos gelo encortaran (cf. CORDE, s.v. *Villa de Palos*).

19. A expresión *non lh'én cal* ‘non lle importa’, que se corresponde lat. NON + O.I. + INDE CALET, procede da Galo-Romania. No corpus trobadoresco profano, para alén de *ne m'én chal* (264.9) e *nen mi cal* (1337.176), con *nen* e co O.I. de P1, esta expresión aparece sempre co adv. *non* e o O.I. de P1 (*non m'én chal*, 495.17; *non m'én cal*, 1358.18) ou o O.I. de P3 na presente cantiga, que tamén pode presentar interpolación: *lhi non én chal* (1652.24) (vid. García-Sabell Tormo 1991: 85-88).

20-21. Nótase a omisión (relativamente frecuente) da preposición *a* introdutoria do O.I. (*quen x' assi fal*) anteposto ao predicado, cunha concordancia *ad sensum* moi habitual na lingua dos trobadores.

9 Nun documento de 15-5-1190, escrito en latín, aparece como *Villa de Palis* (cf. Álvarez 1986: 496).

Bibliografía citada

Álvarez, Manuel Lucas (1986): *El tumbo de San Julián de Samos (Siglos VIII-XII). Estudio introductorio. Edición diplomática. Apéndices e índices* (Santiago de Compostela: CaixaGalicia).

Braga, Theophilo (1878): *Cancioneiro Portuguez da Vaticana. Edição critica restituída sobre o texto diplomatico de Halle, acompanhada de um glossario e de uma introdução sobre os trovadores e cancioneiros portugueses* (Lisboa: Imprensa Nacional).

Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti). Cód. 10991 (1982) (Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional-Casa da Moeda).

Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cód. 4803) (1973) (Lisboa: Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura).

CdP = Davies, Mark & Ferreira, Michael J. (2006-): *Corpus do Português: 45 million words, 1300s-1900s*: <<http://www.corpusdportugues.org>>

CIPM = Xavier, M. Francisca (dir.): *Corpus Informatizado do Português Medieval*: <<http://cipm.fesh.unl.pt/>>

CORDE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CORDE) [en liña]. *Corpus diacrónico del español*. <<http://www.rae.es>>

D'Heur, Jean Marie (1975): *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais (XII^e-XIV^e siècle): contribution à l'étude du «corpus des troubadours»* (Liège: Université de Liège).

Ferreiro, Manuel & Martínez Pereiro, Carlos P. & Tato Fontaiña, Laura (2007): *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa / Guidelines for the Edition of Medieval Galician-Portuguese Troubadour Poetry* (A Coruña: Universidade da Coruña).

García-Sabell Tormo, Teresa (1991): *Léxico francés nos cancioneiros galego-portugueses. Revisión crítica* (Vigo: Galaxia).

Gómez Bajo, María del Carmen (1993): *Documentación medieval del monasterio de San Andrés de Vega de Espinareda (León) (Siglos XII-XIV)* (Salamanca: Universidad de Salamanca).

González, Tomás (2009): *Censo de Poblacion de las Provincias y Partidos de la Corona de Castilla en el Siglo XVI* (Valladolid: Maxtor) [ed. facsimilar].

Lapa, Manuel Rodrigues (1970 [1965]): *Cantigas d'Escarnho e de Mal Dizer dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses* (Vigo: Galaxia).

Littera = Lopes, Graça Videira & Ferreira, Manuel Pedro *et al.* (2011-): *Cantigas Medievais Galego Portuguesas [base de dados online]* (Lisboa: Instituto de Estudos Medievais, FCSH/NOVA): <<http://cantigas.fesh.unl.pt>>

Lopes, Graça Videira (2002): *Cantigas de Escárnio e Maldizer dos Trovadores e Jograis Galego-Portugueses* (Lisboa: Estampa).

Machado, Elsa Paxeco & Machado, José Pedro (1949-1964): *Cancioneiro da Biblioteca Nacional, antigo Colocci-Brancuti*, 8 vols. (Lisboa: Edição da Revista de Portugal).

Magán Abelleira, Fernando & Ron Fernández, Xosé Xabier (1999): “Algunhas consideracións ecdóticas e hermenéuticas sobre a cantiga «Don Gonçalo, pois queredes ir daqui pera Sevilha» (B 466) de Alfonso X o Sabio”, *Revista de poética medieval* 3: 131-145.

Michaëlis de Vasconcelos, Carolina (1990 [1904]): *Cancioneiro da Ajuda* (Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda).

Monaci, Ernesto (1875): *Il canzoniere portoghese della Biblioteca Vaticana* (Halle: Max Niemeyer Editore).

Montero Santalla, José-Martín (2000): *As Rimas da Poesia Trovadoresca Galego-Portuguesa: Catálogo e Análise*, Tese de Doutoramento (inérita), Universidade da Coruña.

Paredes, Juan (2001): *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio. Edición crítica con introducción, notas y glosario* (Roma: Japadre Editore).

Paredes, Juan (2010): *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio. Edición crítica con introducción, notas y glosario* (Santiago de Compostela: USC, Anexo 66 de Verba).

Tavani, Giovanni (1967): *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese* (Roma: Edizioni dell'Ateneo).

TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega): <<http://ilg.usc.es/tmilg>>